



ACTA DA COMISIÓN DELEGADA DO CONSELLO DE COMUNIDADES GALEGAS.

Novembro 2013.

No Diario Oficial de Galicia do 6 de novembro de 2013, fíxose pública a Resolución do 30 de outubro de 2013, da Secretaría Xeral da Emigración, na que se dispón a convocatoria e a orde do día da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas a celebrar en Santiago de Compostela o día 15 de novembro 2013.

Sendo as dez horas do día quince de novembro, en Santiago de Compostela na Cidade da Cultura de Galicia, reúnese en sesión ordinaria a Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas.

Asisten as seguintes persoas:

- D. Antonio Rodríguez Miranda, Secretario Xeral da Emigración, como presidente da Comisión Delegada.
- D. Ramón Brigos Fernández, como secretario da Comisión Delegada.

VOGAIS EN REPRESENTACIÓN DAS COMUNIDADES GALEGAS:

Da Area de España:

- Dna. Pilar Rodríguez Villar, en representación da Agrupación Hijos de Galicia en Sestao
- D. Ernesto Lagarón Vidal, en representación da Agrupación Cultural Saudade
- D. José Ignacio Paz Bouza, en representación do Centro Gallego de Salamanca
- D. Raimundo Alfredo Otero García, en representación do Lar Gallego de Sevilla

Da Area de Europa:

- D. Nicolás Miño Suárez, en representación do Centro Galego de Londres
- Dna. Alejandra Plaza Rodríguez, en representación do Centro Cultural Galego de Frankfurt
- D. Miguel Palomo López, en representación do centro Gallego de Bruxelas

Da Area de América:

- Dna. M^a Ángeles Rodríguez Sarmiento, en representación da Hermandad Gallega de Venezuela



Comisión Delegada
do Consello de
Comunidades Galegas

- D. Jorge Torres Cantalapiedra, en representación do Centro Gallego de Montevideo
- D. Enrique F. Repiso Muriedas, en representación da Sociedade Cultural Rosalía de Castro de Cuba
- Dna. Beatriz Carballo Regueira, en representación do Partido Judicial de Órdenes en Buenos Aires
- D. José Vázquez Noya, en representación da Casa de Galicia en Montevideo
- Dna. Marta Donsión de Ferreiro, en representación do Centro Gallego de Buenos Aires

Asisten á reunión da Comisión Delegada, por invitación do presidente, os seguintes membros da Secretaría Xeral da Emigración: D. Manuel Díaz López, D. Ildfonso de la Campa Montenegro, D. Víctor Díaz- Pache Saenz de Cendano e Dna. Esther del Río Baña.

O secretario da lectura a Resolución da convocatoria e a orde do día.

1.Primeiro punto da orde do día: Constitución da Comisión Delegada e aprobación da acta da comisión anterior.

O presidente da Comisión toma a palabra e logo de presentar ao persoal da Secretaría Xeral da Emigración que asiste á sesión, da a benvinda aos presentes agradecendo a asistencia aos representantes das comunidades galegas que conforman a Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas. Xustifica a necesidade de facer esta convocatoria por ser norma o desenvolver unha reunión da comisión en sesión ordinaria ao ano –a última tivo carácter extraordinario-, e os importantes asuntos de desenvolvemento lexislativo a tratar.

Fai unha emocionada lembranza dos feitos acontecidos en Galicia durante a última reunión da Comisión Delegada celebrada o 24 de xullo.

Logo de comprobar que existe quórum suficiente, declara constituída a comisión e somete a aprobación a acta da sesión anterior, celebrada o 24 de xullo de 2013 no mesmo lugar, en sesión Extraordinaria, que se aproba por unanimidade.

2. Segundo punto da orde do día: Balance de actuacións da Secretaría Xeral da Emigración no ano 2013.

O secretario xeral da Emigración inicia súa intervención manifestando que partíase como premisa e prioridade, en primeiro lugar, axudar as persoas, acudir as situacións de necesidade, polo que se mantiveron os programas de axudas socio asistenciais. Fai unha exposición



Comisión Delegada
do Consello de
Comunidades Galegas

detallada do desenvolvemento dos programas executados pola Secretaría xeral da Emigración neste exercicio de 2013. A súa intervención consta como Anexo I da presente acta.

Sendo as once menos dez horas, incorpórase a sesión o Vicepresidente da Xunta de Galicia e Conselleiro de Administracións públicas e Xustiza, D. Alfonso Rueda Valenzuela.

O secretario xeral da Emigración dálle a benvida en nome de todos os membros da comisión. Destaca a implicación do Goberno de Galicia coa emigración e presenta como proba a presenza, tanto do Vicepresidente como do Presidente da Xunta de Galicia, nas dúas comisións Delegadas celebradas no último semestre.

O vicepresidente saúda os presentes e valora o traballo e esforzo continuos dos membros da comisión. Fai lembranza do infortunado accidente ferroviario sufrido polo país no transcurso da última xuntanza da Comisión Delegada, agradece as múltiples chamadas de apoio, solidariedade e ofrecemento de axuda recibidas dende a Galicia exterior. Di que, a pesares de todo, o xeito de afrontar esa desgraza deu unha boa imaxe de Galicia fora e serviu para que toda a sociedade e o goberno galego fosen conscientes de que se estaba preparado para o que se pensaba que nunca se podería estar preparado. Destacou tamén a labor do pobo galego así como a dos veciños e funcionarios públicos que asistiron de xeito exemplar as vítimas da catástrofe.

Esontaneamente toman a palabra os representantes das diferentes entidades galegas presentes, expresando o orgullo sentido pola imaxe dada no exterior de Galicia como pobo, tanto pola solidariedade e disposición dos veciños a acudir as vítimas como polas mostras de pesar contido da sociedade, tanto polo rápido actuar como pola transparencia e bo facer dos representantes do goberno galego.

O vicepresidente agradece as mostras de recoñecemento realizadas pola unanimidade dos representantes das comunidades do exterior, e manifesta o desexo de que nunca volva a pasar.

O secretario xeral da Emigración continua coa exposición da memoria de programas, pedindo que os centros sexan altavoces da Xunta de Galicia, xa que poden chegar onde a secretaría non pode, así como suxestións que permitan mellorar o traballo que se fai.

As once e corenta horas o vicepresidente abandona a reunión despedíndose dos asistentes.

O secretario xeral da Emigración continua destacando os distintos procesos de unión de entidades realizados durante o 2013 e a boa acollida da nova actividade realizada para mostrar e promover Galicia no exterior coa colaboración dos centros.



Fai un análise dos presupostos para 2014, poñendo énfases en que, a pequena baixada que se produce sobre o ano anterior (5,83%), faina no gasto de persoal e funcionamento da secretaría na que se fixo unha importante reestruturación e non nos capítulos de programas e axudas. Resalta que a súa pretensión para o próximo exercicio e, por este orde, “blindar” as axudas e programas sociais, manter a colaboración coas entidades, abrir unha nova liña para promover o retorno emprendedor e ampliar as accións de promoción de Galicia no exterior apoiándose nas comunidade galegas.

Remata solicitando aos funcionarios presentes que as convocatorias de axudas para o 2014 sexan publicadas canto antes, a ser posible no propio decembro de 2013 e da a palabra aos vogais da comisión para intervir sobre os asuntos tratados neste punto

Inicia a rolda de intervencións D. Ernesto Lagarón.

Expón que o acto promocional de Galicia celebrado en Barcelona, tivo unha grande importancia e resultou moi interesante pero que en próximas edicións teñen que mellorar en organización interna. Anima a todos a solicitar a organización desta actividade xa que merece a pena o esforzo.

Sobre os programas para a xuventude, di que hai que profundizar neles, si non “escápanse” os fillos dos emigrantes e hainos que incorporar as directivas dos centros. Propón a celebración en Galicia de seminarios formativos de directivos menores de 40 anos para que a coñezan.

Dna. Pilar Rodríguez traslada os parabéns do concello de Santurce pola boa imaxe que deixou a actividade promocional realizada, propoñendo ampliála a mais aspectos da realidade galega.

Di que o seu centro, optou por atrasar determinadas accións de mellora de instalacións ou equipamentos por centrarse en iniciativas para os xoves que está de acordo co exposto neste tema por Ernesto Lagarón e que o traballo haino que facer, tamén, dentro das entidades.

Toma a palabra D. Ignacio Paz Bouza, manifesta a súa satisfacción polo mantemento da dotación dos programas e aínda leve aumento en algúns deles.

Sobre os programas de xoves, di non atopar a “pedra” para atraelos as sociedades, salienta a importancia de que os xoves de España podan participar en actividades como o “Conecta con Galicia”. Sobre os de axudas a infraestruturas e equipamentos que se debería ter mais en conta si os solicitantes son propietarios ou non dos edificios. Acerca das actividades promocionais, felicita o que se fagan a través das entidades galegas, di que é moi importante e que están



dispostos a axudar por que era unha vella demanda e pide coñecer os obxectivos que se pretenden dos centros e entidades colaboradoras.

Continúa D. Raimundo Otero, súmase a preocupación pola participación dos xoves nas entidades e propón a creación, dentro delas, de áreas de actividades ao aire libre así como foros de debate e coñecemento.

Comparte a gran satisfacción deixada polo traballo feito nas xornadas de promoción celebradas en Sevilla, cualificándoas de éxito, que demostra o efectivo da colaboración cos centros.

D. Jorge Cantalapiedra comeza a súa vez dicindo que, o asunto tratado da xuventude, é un mal xenérico, que o programa “Conecta con Galicia” pódese utilizar para atraer os xoves aos centros. Solicita que se lles de información dos plans de formación académica que se desenvolven en Galicia. Di que os seminarios de formación hainos que facer primeiro alá. Solicita a realización dun curso de protocolo no Uruguai.

Pide aclaración sobre as vías de participación nos programas de retorno. Sobre os actos promocionais, di que en Uruguai se fan nas romarías que celebran as entidades, que aínda que se celebren para recadar fondos, poden ser complementarias, que hai un grande coñecemento da gastronomía e dos produtos galegos.

D. José Vázquez Noya, toma a palabra e aborda o tema dos xoves. Coincide en que cada vez é máis difícil que se acheguen aos centros. Expón que en Casa de Galicia, debido a malas actuacións de algún membro da directiva, acabou desaparecendo o tradicional e laureado grupo de folclore, o que axudou a afastar a os xoves da institución. Pon de manifesto que se está no camiño de recuperalo. Apunta que, as veces, son as propias directivas as que non deixan acceder a os novos a elas e que, en Casa de Galicia, están a incorporar a dous mozos menores de trinta anos.

Fai unha valoración moi positiva dos programas de axudas para infraestruturas e adquisición de equipamentos e cualifica de moi interesantes os intercambios de mozos menores de trinta anos.

D. Ernesto Enrique Repiso, inicia a súa rolda propoñendo que no seo dos centros se fagan enquisas aos xoves para coñecer os seus intereses. Expón a necesidade de prever unha partida nos orzamentos da secretaría xeral da Emigración, para facilitar a xestión de documentos en España a persoas que os solicitan para arranxar os trámites de nacionalidade ou nos Rexistros da Propiedade entre outros.



Comisión Delegada
do Consello de
Comunidades Galegas

Sendo as catorce e cinco horas incorpórase a reunión o presidente da Xunta de Galicia, D. Alberto Núñez Feijoo. O secretario xeral da Emigración dálle a benvida e agradece que, por segunda vez en menos de seis meses, participe no desenvolvemento das dúas sesións de traballo da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas realizadas.

O Presidente diríxese aos asistentes e di que é unha honra e unha obriga que cumpre con moito gusto. Que segue mantendo o compromiso político de defender a singularidade dos residentes galegos no exterior, dos emigrantes, da Galicia permanente. Apunta a oportunidade de analizar os presupostos e accións a desenvolver no 2014. Nese senso fai un breve análise dos datos positivos económicos e de detención na destrución de postos de traballo que se apuntan nas últimas estatísticas e previsións. Di que parece que poderemos deixar atrás os tempos de recesión e a volta ao crecemento e a creación de postos de traballo.

Incide na defensa da emigración como defensa de Galicia e a obriga de manter a cultura galega no exterior. Resalta a importancia dos moitos galegos que viven fora e que Galicia dispón neles de grandes activos cos que seguirá colaborando.

Resalta que Galicia é un ensamblaxe de culturas, que non temos problemas identitarios e que manterá a forma de enfocar o seu encaixe co resto das comunidades xa que o mundo galego abrangue a onde residen os galegos.

Que segue co obxectivo de que a emigración perviva dentro dun mundo globalizado polo que a unión de entidades marcará a galeguedade do futuro. Fai un esbozo dos procesos de unión que se están a desenvolver en Cataluña, Alemania ou Cuba, na que no seu próximo viaxe a illa espera asinar a unión de 38 entidades. Di que hai que xuntar os centros para pervivir e pon como exemplo o caso da Hermandad Gallega de Venezuela.

Pretende incidir no fomento do retorno dos fillos e netos de Galicia que queiran volver, que temos unha grande oportunidade, que debemos ser xenerosos para atraer aos xoves. Di que temos un gran país, que logo de un lustro de recesión, Galicia é a comunidade mais solvente de España que non temos que recorrer ao fondo de estabilidade, que segue a ser dona de si mesma, que actúa como os emigrantes que non gastan mais do que teñen e que pagan o que deben.

Logo de intercambiar parecer con cada un dos representantes das comunidades galegas, acerca da situación que viven os países de residencia ou dos procesos de unión que se están a desenvolver no seu entorno despídese de todos.



Sendo as quince e vinte horas faise un receso da reunión.

Reiniciase a sesión as dezaseis trinta horas. O presidente dá o uso da palabra a Dña. Beatriz Carballo para continuar coa rolda de análise da memoria de actividades presentada no segundo punto da orde do día.

Centra a súa intervención na problemática dos xoves, coincide con anteriores intervencións na necesidade de programar cursos sobre liderazgo, actividades de folclore e outras.

Sobre os programas desenvolvidos neste ano, apunta a oportunidade de que non podan repetir participantes en dúas ou máis convocatorias en Escolas Abertas así como a necesidade que os que participen acrediten un nivel de calidade axeitado para o facer e que se comprometan en transferir o que aprendan nas súas comunidades. Sobre o programa “Conecta con Galicia” pide que se implementen enquisas e cursos previos a actividade e un seguimento posterior a os participantes para implicalos nos obxectivos de véncellos as entidades e a Galicia.

Toma a palabra Dña. Marta Donsión e informa da grave situación que está a pasar o Centro Galego de Buenos Aires. Pon en coñecemento da Comisión de que os responsables concursais teñen todo intervido e non dan ningunha información da situación da entidade a os seus propietarios : os socios, que se senten desprazados do día a día do centro.

Sobre o programa de axudas individuais apunta a problemática que ocasiona en moitas persoas a revalorización das pensións en Arxentina que, sen cubrir as diferenzas da inflación real e a oficial, imposibilita acudir a moitos delas as axudas que veñen de España e Galicia. O secretario xeral da Emigración di que se tomarán medidas para diminuír este problema xeral no cono sur de América.

Dalle a vez a Dña. María de los Angeles Rodríguez que dá as grazas a secretaria por continuar coa súa política de axudas e insiste na grave situación de moitos maiores que quedan fora das pensións e axudas polos procesos inflacionarios que viven os seus países, cifrándoos nuns 600 en Venezuela, di que a través da comisión social da entidade tratan de axudar máis, que o poder adquisitivo ten baixado moito en Venezuela e que as axudas de Galicia son máis importantes.

Logo informa da marcha da Hermandad, dicindo que aínda non se puideron aprobar os orzamentos de investimentos, so o ordinario, por ter mudado a xunta directiva e que nestes momentos están a pasar por un tempo difícil xa que unha agrupación que integra a sociedade



ocúpase de boicotear e aínda de difamar as persoas da actual directiva a través do anonimato que facilita a internet.

Di que moitos mozos venezolanos queren vir a España e a Galicia en particular. Que a entidade realiza intercambios entre xoves de distintas comunidades e países e entre as propias comunidades que funcionan ven, aínda que este ano non puideron. Pide que para o ano se lles conceda a organización dun seminario de encaixe de bolillos xa que teñen un grupo formado dende fai varios anos.

D. Nicolás Miño di que que comparte o xa falado sobre este punto da orde do día. Tamén di que o centro galego de Londres converteuse no referente dos emigrantes de España en Inglaterra.

Dna. Alejandra Plaza toma a palabra e di que o centro recibiu unha carta do alcalde de Frankfurt dándolle os parabens polo stand posto na feira celebrada en Frankfurt no mes de maio no marco das actividades de promoción de Galicia, así como pola labor da entidade como referente.

Sobre os programas salienta a importancia de que participen mozos europeos no Conecta con Galicia. Sobre o de seminarios di que este ano o que organizou o seu centro non funcionou como debería debido o cambio de datas por parte da secretaría das solicitadas por outras para facer circuíto o profesor con Cuxhaven , que solo puideron aproveitar unha semana ao profesor por non estar de vacacións os participantes durante a outra. Sobre as axudas a os centros, que sería moi importante que estes se aviñeran a valorar algunhas actividades concretas e priorizalas.

Sobre o asunto de unións entre entidades di que o ve importante e necesario aínda que difícil.

Finalmente expón que a súa entidade ten organizado intercambios con mozos de outras, sobre todo co tema do folclore, que son moi gratificantes pero que teñen un custo elevado.

Por último o presidente da a vez a D.Miguel Palomo, quen destaca que ve o programa e as accións da secretaría mais precisos e concretos. Di que nas intervencións dos asistentes deberíanse tratar asuntos mais do conxunto que dos propios. Solicita o facer actividades conxuntas entre as distintas comunidades por áreas durante estes tres anos de mandato.

Coincide na necesidade de abrir as portas dos centros a os xoves e non so a os autóctonos, se non a todos así como da oportunidade de promover a Galicia e seus produtos a través de actividades como as faladas, facendo unha venta dela “por simpatía”, que era unha vella demanda. Di que seu centro trata de facelo e que Bélxica é o país que mais % ten de persoas/poboación que andan o Camiño de Santiago.



D. Jorge Cantalapiedra, solicita intervir e comenta que cumprindo o compromiso da derradeira reunión, enviou información sobre a lei de galegidade as comunidades da súa área e que solo lle contestou Rosalía de Castro.

Que quere salientar o traballo da profesora de seminarios de Baile "Mai", que estivo en Uruguai, cada día nunha entidade, incluídos os sábados.

Sobre os baremos de axudas, a importancia de ter en conta a inflación e a carestía de algúns países, en concreto Uruguai, ó que cualifica como un dos máis caros do mundo e sen cobertura sanitaria xa que a teñen que costear de forma privada, di que os maiores do Hogar Español por pouco non reciben a PEA.

Tamén di que a diferenza de valor da moeda entre cando se piden as axudas e se teñen que executar, impide as veces ata poder xustificalas.

Dna. Beatriz Carballo di que o euro revalorízase constantemente con respecto a moitas das moedas.

Contesta o secretario xeral da Emigración as intervencións. Expressa que ve que é unha inquietude compartida o relevo xeracional, ve oportuna a demanda de facer cursos de directivos, que tratará de estudar o xeito máis oportuno de facelos.

Sobre as actividades realizadas de promoción de Galicia que comparte a satisfacción xeral polas realizadas, que se pretende non vender cousas de Galicia se non mostrar unha serie de reclamos que esperten intres por coñecela. Que pola demanda dos visitantes de mercar algo, estase a ver a posibilidade de , en paralelo, poñer algo anecdótico de tipo artesanal, alimentario..

Continua falando da importancia que os centros poden ter para mostrar os produtos e a cultura de Galicia, servindo tamén como reclamo. Mostra a sorpresa pola situación de falta de xestión de algúns centros que visitou, con posibilidades de ter abertas concesións de restauración ou aínda hostaleiras, e que a pesar de ter boas condicións por situación e marco non están atendidas, poñendo en perigo o sustento da propia entidade. Propón un estudo con unha empresa especializada para estudar/auditar algúns centros para detectar problemas e necesidades e axude a orientar o negocio, aínda que sexa con outro tipo de actividade, buscando a viabilidade da entidade. Pon de exemplo a o centro de Nova York que co aluguer do seu local de Manhattan, ten solucionada a continuidade da entidade.



Respecto a Escolas Abertas di que coincide en que non se debe repetir continuamente a participación das mesmas entidades e dos mesmos profesores.

No tema da revalorización das axudas individuais, di que debemos manter os parámetros empregados polo Estado aínda que este ano empregaranse coeficientes correctores.

3.- Terceiro punto da orde do día. Presentación do documento de liñas básicas do decreto sobre os órganos de representación do Consello de Comunidades Galegas.

O presidente dálle a palabra a D. Ildefonso de la Campa, que fai unha detallada introdución dos aspectos máis salientables que se incluírán na nova norma. Que non é casual o non presentar un proxecto de decreto xa que algúns dos aspectos novos a recoller nel queríanse tratar no ámbito desta comisión para escoitar as comunidades antes de redactalo, seguindo o proceder de intercambio e consenso co que se elaborou a propia Lei.

Di que, no fundamental, non vai variar a estrutura do Consello de Comunidades Galegas nin da propia Comisión Delegada. Que é necesario repensar o futuro da galegüidade, que máis alá de representar a os seus socios, as Comunidades representan a tódolos cidadáns galegos que residen fora de Galicia nas súas áreas de influencia. A súa intervención figura como Anexo II de esta acta.

Rematada a exposición, o Presidente da Comisión abre unha rolda de intervencións.

A maioría dos representantes, vista a novidade de algunhas das propostas contidas na intervención, piden un tempo para reflexionar no ámbito da súas comunidades a o pensar precipitado o posicionarse sen un tempo de estudo.

Dna. Marta Donsión propón o facer comisións de estudo para analizar as importante variacións no modelo de representación que se presenta.

Dna. Beatriz Carballo pide xenerosidade para chegar a acordos, tendo presente que “ la emigración hizo lo que hizo sin esperar nada a cambio”, ve necesario cambiar a galegüidade pero respectando a os predecesores. Di que a galegüidade debe levar “alma”. Repite a necesidade de chegar a acordos e que consultará a proposta.



D. Enrique Repiso di que moito do presentado está falado, que sería importante repasar as actas anteriores da Comisión e do propio Consello. Que en canto a representación nos órganos da galeguidade débese buscar equilibrio.

D. José Noya felicita a os presentes pola franqueza e lealdade a hora de participar nos debates.

D. Jorge Cantalapiedra, pide que se pase por escrito a proposta presentado por D. Ildefonso. Di que sen previo estudo o tomar posición en algún dos asuntos máis importantes e moi arriscado, aún que da un voto de confianza a xente que elaborou a proposta polo coñecemento que teñen na materia.

Móstrase, en principio, favorable a ponderación do voto. Pide un tempo de reflexión xa que, o presentado, é un cambio moi importante de algúns paradigmas que farán cambiar os estatutos das entidades. Pide revisión no tempo previsto na lei para a adecuación das entidades a nova normativa.

D. Raimundo Alfredo Otero, informa que antes da reunión se puxo en contacto con todas as casas galegas en Andalucía pedindo ideas e que non tivo resposta. Di que algúns centros non teñen socios, so presidente, propón que ás entidades galegas, para darlles recoñecemento, se lles esixa acta das asembleas para comprobar o seu estado de funcionamento e comprobar o seu peso social real.

D. José Ignacio Paz Bouza, expresa o seu temor ante este Decreto, considérao un gran cambio e difícil de valorar, pide velo sobre papel e un tempo de estudo. Mostra a súa negativa ante o voto ponderado di que e partidario de “un home un voto”. Considera que se debería solicitar opinión a todas as entidades galegas, aínda que como D. Raimundo, solicitou ideas a os centros de Castela antes desta sesión e non tivo resposta.

Dña. Pilar Rodríguez, solicita que se envíe a proposta de Decreto ás entidades por escrito e logo valorar. Di que é necesario ser prudentes e que, aínda que respectando a os anteriores, as casas de Euskadi queren cambiar, si non, nunca se van a incorporar os xoves as entidades, pide reflexionar sobre isto. Di que tampouco ve claro a proposta de voto ponderado, di que o estudará coas outras casas. Di que ela falou cos presidentes antes de vir a comisión.

D. Ernesto Lagarón, di que terán que estudar a proposta e que non se pronuncia sobre o voto ponderado. Di que cambia o concepto que tiñan antes, que debater estas cousas aquí é complicado. Tamén di que os presidentes non teñen tempo para estas cousas, que non traballan na redacción de normas. Que antes da sesión convocou as casas de Cataluña e que non tivo resposta de intres.



Di que todo o mundo merece respecto, desde o que xoga as cartas a os demais, que cada un terá que estar nunha categoría ou noutra. Di que os galegos fixeron un gran papel na difusión de Galicia. Con respecto aos socios di que hai entidades cun montón de socios que non pagan a súa cota que vai ser difícil busca-lo xeito de contabilizalos e que pode levar a confusión.

Rematada a rolda, o secretario Xeral da Emigración, di que non se está a pedir ningún pronunciamento definitivo, que se trata dunha proposta que se lle fai a comisión con algunhas ideas novas para provoca-la reflexión e poder incorporalas o anteproxecto de decreto que se enviará para ser estudado. Di que hai que reflexionar sobre el.

Di que non se está debatendo a estrutura final da comisión (6,4,4 por área) salvo que desde as entidades o propoñan, aínda que si é un tema a debater. Por iso faise o planteamento pero sen predisposición cara unha banda ou outra. Que no seo do Consello xurdiu a necesidade de pensar na realidade actual da galegüidade. Si a nivel de representación debe manterse o de: unha entidade igual a un voto, ou cambiar iso polo número de socios da entidade dentro do seu país, o peso dentro da súa área...

D. Ignacio Paz di que non ó ve ben, que é un tema a debater.

D. Ildfonso de la Campa, matiza que a Comisión Delegada é un órgano de debate permanente e que por iso se lle fai esta exposición. Que estamos arrancando, que a proposta está sen elaborar. Que se enviará primeiro este documento e logo outro máis definido. Fai unha breve exposición dunha posible fórmula para facer a ponderación da representación de cada entidade.

D. Jorge Cantalapiedra inquire sobre quen se vai a pronunciar si o voto ponderado serve ou non, e canto vale cada voto. Pide un voto de confianza na secretaría Xeral para facer unha proposta. Di que por exemplo no Uruguai os socios das 13 entidades galegas son o 3% dos habitantes do país que están nun proceso de unión e si o seu remate, da igual o peso de 3 ou das trece, si vale igual o peso de unha entidade antes que despois.

D. Miguel Palomo López, considera que a posición de Europa e intermedia entre España e América.

Prodúcese un intercambio de pareceres entre algúns membros da comisión sobre o asunto, valorando as moi diferentes casuísticas que se presentan nas diferentes áreas. Todos coinciden na necesidade de falar entre as entidades e nas propias comunidades. Dña. Beatriz Carballo pide comunicarse vía internet para estar en contacto.



4.- Cuarto punto da orde do día. Informe sobre as liñas de axudas e subvencións da Secretaría Xeral da Emigración para o ano 2014.

O secretario xeral da Emigración da a palabra a D. Ramón Brigos que fai unha exposición acerca das principais variacións que se recollen nas distintas convocatorias de axudas para o ano 2014.

A súa intervención xúntase como anexo III da presente acta.

Rematada a súa intervención o presidente propón que de haber algunhas opinións ou suxestións a os asuntos tratados, se aproveito o último punto da orde do día para expoñelas. Aceptase por unanimidade.

5.- Quinto punto da orde do día. Rogos e preguntas.

O presidente abre unha rolda libre de intervencións sen que ninguén dos asistentes pida o uso da palabra.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as 21,00 horas, o presidente da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas despide aos asistentes dándolles as grazas polo traballo realizado e desexándolles un feliz retorno a seus lugares de residencia.

O Presidente

O Secretario

Antonio Rodríguez Miranda

Ramón Brigos Fernández



Comisión Delegada
do Consello de
Comunidades Galegas